

SOTO, Luís G.: *Barthes filósofo*, Galaxia, Vigo, 2015, 144p.

É moi significativo que o ensaio de Luís García Soto (LGS) titulado *Barthes filósofo*, publicado neste mesmo ano de 2015, fora galardoado co Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2014. Este premio, que ven a sumarse ao Premio Carvalho Calero, obtido no ano 2012 por polo seu libro *O labirinto da saudade*, representa, unha vez máis, un recoñecemento público a unha obra moi persoal e escrita en galego. Este compromiso coa nosa lingua é xa unha constante e un motor intelectual e vital para LGS.

Pois ben, con estes precedentes, o ensaio *Barthes filósofo* ven a colmar unha traxectoria iniciada, por poñer unha data, no ano 1986 no que defendeu a súa tese de doutoramento, titulada *Una lectura de Barthes*. Pero, de seguido, virían outras lecturas. Así, ao longo dun período continuado de seis anos, dende 1990 ata 1996, publicou na revista *Ágora. Papeles de filosofía* unha serie de cinco artigos, chamados “Leituras de Barthes”, onde presentaba un estudo monográfico sobre a recepción crítica da obra de Barthes na bibliografía en francés, español, inglés, italiano e portugués a través da análise de libros e artigos de cincuenta escritores, filósofos, lingüistas, semiólogos, etc.

*Barthes filósofo* dicíamos, pois, que colma unha traxectoria, e faino nun momento moi significativo, pois como afirma o seu autor, con este libro el quixo “reunir dous xestos igualmente necesarios” (p. 9), por un lado, lembrar a Barthes, pois neste ano de 2015 cúmprese o centenario do seu nacemento, e, por outro lado, defender a filosofía, tan ameazada nestes mesmos momentos. E, ademais, ambos os dous xestos, fanse en galego e en Galicia, ou en palabras do autor do libro: “teñen un nítido acento galego” (p. 9). Así pois, con este libro non só se coloca a Barthes no centro da escena

---

Recibido: 18/11/2015. Aceptado: 19/11/2015.

filosófica, senón tamén á filosofía mesma, vitalmente tan imprescindible para Barthes, como o amosa a cita del que LGS escolleu para iniciar e tamén pechar este libro: “É difícil, para min, soportar a vida sen filosofar (*atordarse* incrementaría o malestar)”.

A estes xestos hai que engadir que o libro *Barthes filósofo* cobre un baleiro existente, por moi increíble que pareza: recoller nun libro o percorrido cronolóxico pola obra completa de Barthes. LGS fai este percorrido de xeito claro e ordenado, resumindo sinteticamente o contido e o significado de cada unha das obras no contexto vital e intelectual de Barthes, e interpretando o seu valor no conxunto do seu pensamento, precisamente por estar en condicións de poder situarse na perspectiva que ofrece ter o coñecemento da obra completa do autor. Este coñecemento total permítelle a LGS articular a obra completa de Barthes en catro dominios xerais: a crítica, a ciencia, a estética e a ética, que se corresponderían coas catro fases nas que Barthes ordenou o seu pensamento: mitoloxía social, semioloxía, textualidade e moralidade.

Máis, ¿a que responde a escolla do título *Barthes filósofo*, cando, como afirma o autor noutro traballo (“Leituras de Barthes,” *Agora*, vol. 9-1, p. 180), son moitos os adxectivos aplicables a Barthes, por exemplo, crítico, semiólogo, teórico, sociólogo? Por suposto, o propio libro ofrece en si mesmo as razóns para explicar a opción polo adxectivo “filósofo” aplicado a Barthes. Eu rescatarei só algunhas delas.

Xa nas páxinas introdutorias condensase nun título unha destas razóns: “un filósofo do século XX para o século XXI”, pois, segundo LGS “ler a Barthes non é tanto volver a vista atrás como contemplar o noso mundo e a nosa época. Máis que contemplar, escrutar, porque o panorama non é diáfano. O noso autor, a súa obra, transmigró ao século XXI e plantouse no noso presente. Como unha interrogación..., como unha invitación” (p. 12). E este é tamén outro dos obxectivos deste ensaio, que ten a súa vista posta no futuro, nas novas xeracións deste século XXI, ás que o coñecemento da filosofía de Barthes pode servir de “guía”. Unha guía para atopar os sentidos que toda acción ou acontecemento social ou político agocha, máis alá do seu primeiro sentido evidente, e que Barthes tan agudamente soubo discernir nos numerosos exemplos aos que foi prestando a súa atención. Sentidos, significados, textos, escritas, lecturas..., todos eles conforman ese pensamento lúcido e crítico ao que a obra barthesiana dá acceso, e que son recollidos e salientados por LGS, minuciosamente e paso a paso, seguindo o propio percorrido do filósofo.

E tamén son claras as intencións do autor ao afirmar que o fío condutor da lectura que el nos ofrece de Barthes é a filosofía, sobre todo, porque

Barthes mesmo vinculou a súa obra coa ela e os grandes pensadores que lle resultaban máis próximos, entre eles, Sartre, Marx, Derrida, Lacan, Kristeva, Foucault e mesmo Nietzsche. En todos os dominios referidos (a crítica, a ciencia, a estética e a ética) o autenticamente filosófico de Barthes, segundo LGS, é que “non está instalado na verdade, senón que a busca: ao modo dos filósofos clásicos, non a posúe, senón que a quere. Como aqueles, máis que ser sabio (ter o saber), é amante da sabedoría (perséguea, preténde): fillosofa, é filósofo” (pp. 115-116).

Unha vez sinalada a motivación e a perspectiva xeral que enmarca o ensaio, imos ver a súa estrutura. O ensaio divídese en catro partes. A primeira, titulada “Unha vida”, presenta en cinco pequenos apartados unha panorámica sobre a vida de Barthes, que comeza con 1. “Baiona-París”, continúa con 2. “Estudos, doenza, traballos”, 3. “Escribente, profesor”, 4. “Investigador, intelectual” e 5. “O último Barthes”, que describe a etapa na que Barthes é elixido membro do Colexio de Francia, ocupando a cátedra de Semioloxía literaria, na que continúa ata a súa morte, acontecida o 26 de marzo de 1980, como consecuencia dun atropelo sufrido un mes antes.

A segunda parte, titulada “Obra completa”, é moito máis ampla e constitúe a cerne do ensaio. LGS, no afán sintético ao que un libro de estas características obriga, e lembrando un relato de Barthes do seu libro *S/Z*, no que dicía que algúns budistas, a forza de ascese, conseguen ver toda unha paisaxe nunha faba, fai el mesmo ese exercicio para os lectores, e preséntalles, inicialmente, toda a obra de Barthes condensada nunha fórmula, na que se resume a relación do signo co real e as formas que estas relacións foron tomando ao longo da obra do filósofo francés, non sen antes comentar polo miúdo as faces do signo ás que Barthes prestou a súa atención (o propio signo, o significante, o significado e o referente). Esta fórmula, que nunha aparente sinxeleza simplemente combina as relacións de presenza e ausencia de palabra e imaxe na súa relación co real, é a que lle permite articular a LGS os catro grandes dominios xa referidos, a saber, a crítica, a ciencia, a estética e a ética.

Seguindo a fórmula, vemos que na Crítica o real non se dá nin na palabra nin na imaxe, pois tanto a literatura como o mito, das que Barthes se ocupa neste momento, non son palabra axente, a primeira por ser lingua-xe de ficción e o segundo por privar da historia. Este é pois, un dominio, maiormente, de crítica literaria e social, como se aprecia nas obras deste período, que abrangue dende 1953 ata 1964: *O grao cero da escrita*, *Michélet*, *Mitoloxías*, *Sobre Racine*, *Ensaio crítico*. Barthes introduce novos conceptos, especialmente, o da escrita e o do mito, definidos de xeito propio e peculiar. Tanto na escrita como no mito as análises de Barthes aportan

novas perspectivas, que inducen á reflexión, e que LGS presenta maxistralmente. O modelo da escrita é representado pola novela, a cal exemplifica o drama da literatura, resultado do seu carácter ficcional, que a priva de ser palabra axente. Por iso, Barthes apela á ética da escrita, de tal xeito que o escritor comprometido intentará ir máis alá dos límites do literario, apostando por novas solucións que se afasten das fórmulas establecidas. Desta maneira, a literatura está abocada a ser unha “utopía da linguaxe”. Polo que respecta ao mito, este priva de historia e, polo tanto, de realidade, xa que a artificialidade do mito non se percebe e se toma pola propia realidade; de aí que a tarefa do mitólogo, na que o mesmo Barthes se implicou, sexa, simultaneamente, a da desconstrución do mito e a da súa reconstrución, dotando ao mito do seu efecto transformador da realidade, para deste xeito poder facer política e, en suma, historia.

No dominio da Ciencia, o interese de Barthes céntrase na investigación do signo en todas as súas dimensións, polo tanto, palabra e imaxe cobran igual protagonismo, en tanto ambas as dúas son os máis importantes vehículos sógnicos de relación co real, e así se reflicte no segundo elemento da fórmula, que rexistra a presenza das dúas. É o momento da contribución de Barthes ao desenvolvemento da semiótica, a través do seu libro *Elementos de semioloxía*, publicado en 1964. Nesta obra Barthes segue o rumbo marcado por Saussure, pero afástase del ao propoñer a subordinación da semioloxía á lingüística, no que Barthes chamaba “translingüística”. A linguaxe non só é o punto de partida, como ferramenta e modelo, tamén é o punto de chegada, como sentido e significado. A investigación semiolóxica de Barthes e o máximo desenvolvemento da súa concepción da ciencia semiótica chega coa publicación do libro *Sistema da moda* no ano 1967, un libro dun grande interese para os ámbitos da publicidade e da comercialización do mundo da moda, que analiza centos de páxinas de salientables revistas de moda durante o período dun ano. Importante publicación, tamén deste período pero que xa anticipa o da estética, é *O imperio dos sentidos*, publicado en 1970 e que recolle as súas impresións como semiólogo que visitou o Xapón nos anos precedentes de 1966, 1967 e 1968. LGS encontra que nesta obra, de xeito subrepticio, Barthes amosa a crítica ao logocentrismo e ao predominio da palabra, tan característica da filosofía occidental, apostando por sistemas de signos sen palabra, onde estes xa non remiten ao Ser senón ao Nada. Estamos camiño xa do postestruturalismo.

Ese camiño do estruturalismo o postestruturalismo caracteriza o momento da estética, que na fórmula contempla a presenza da palabra fronte a ausencia da imaxe. Nesta etapa Barthes céntrase no texto, explorando o

significante, esa face do signo que remite ao sistema, ao código, en suma, á lingua. Iníciase este dominio coa publicación en 1970 de *S/Z*, seguidos de *Sade, Fourier, Loiola*, (de 1971), *Novos ensaios críticos*, (de 1972), *O pracer do texto*, (de 1973), e *Roland Barthes por Roland Barthes*, de 1975. A metodoloxía estruturalista segue a estar presente nas análises semiolóxicas de obras literarias, e Barthes enriquece, unha vez máis, a linguaxe analítica coa súa achega de novos conceptos con cuño propio, como as lexías, o texto, os logotetas ou creadores de lingua, que aplica a Sade, Fourier e Loiola, como creadores da lingua do erotismo, do utopismo e do misticismo, respectivamente. Pero onde a estética se manifesta en grao sumo é na súa obra *O pracer do texto*, centrada na experiencia da lectura e no gozo do lector. Agora ben, como indica o autor do ensaio, “o gozo é un pracer paradoxal: expulsa o suxeito da cultura e, ao tempo que suspende a súa suxeición, abala a súa subxectividade. É unha pasaxe eufórica, máis nun contexto disfórico, hostil, daniño: como un paréntese benéfico nun medio ou nun contorno de malestar ou, cando menos, de perigo” (p. 87). Por iso, o hedonismo individualista que, segundo Barthes, debería caracterizar a experiencia estética, ten valores éticos e políticos.

Xa só resta presentar, brevemente, o dominio da ética, que na fórmula caracterízase pola ausencia da palabra e a presenza da imaxe, pois Barthes toma como modelo das relacións do signo co real a fotografía e a face do signo que explora é o referente, postulando o suxeito como real e prestando a súa atención á subxectividade. As obras desta época son *Fragmentos dun discurso amoroso* (1977); *Lección* (1978), que é o discurso de ingreso de Barthes no Colexio de Francia; e a publicación dos seus cursos nesta institución *Como vivir xuntos* (1976-1977), *O Neutro* (1977-1978) e *A preparación da novela I e II* (1978-1979 e 1979-1980), estes últimos publicados postumamente. Selecciono como mostra da calidade e profundidade do estilo do autor do ensaio unhas liñas referidas ao libro *Fragmentos dun discurso amoroso*, situado baixo o epígrafe “Vindicación do amor”: “[o libro] contén unha espléndida meditación sobre o amor, unha vivencia que, por momentos, detén o tempo, mais que, ao cabo, como todo na vida humana, se inscribse no tempo e, por tanto, debe tornarse historia... O amor-paixón trastorna o desexo e a necesidade que rexen as relacións interpersonais, segundo fórmulas capitalizadas polas institucións sociais. De seguir adiante pola senda aberta, haberá que facelo con outros parámetros. É a vez da ética” (pp. 97-98). E, así, por esas sendas abertas nesta obra, Barthes continuará transitando, como se observa nos temas dos seus cursos, onde a dimensión ética fai acto de presenza ao non dobregarse o filósofo á convivencia do poder e a

linguaxe. E, novamente, a maneira de eludir esta linguaxe-poder vai ser a literatura. Así se amosa no seu derradeiro libro *A cámara clara*, presentado como un ensaio filosófico que reflexiona sobre a fotografía, a morte e tamén o amor, guiado polo novelesco, non na súa acepción de ficción, senón no sentido filosófico que lle dá Barthes de reafirmar a verdade oculta na subxectividade persoal de toda existencia particular.

E para pechar esta segunda gran parte o autor do ensaio volve á filosofía, xa que ao seu entender, en todos os dominios polos que Barthes foi transitando, e que acabamos de presentar, este actuou como un filósofo no sentido pleno da palabra, ao proceder a “separar o verdadeiro do falso e, sobre todo, a sinalar a verdade. [...] Así a verdade (ou máis exactamente, o aspecto esencial desta) que Barthes busca é: na crítica, a veracidade; na ciencia, a validez; na estética, a verosimilitude; na ética, o valor.” (p. 115).

O ensaio *Barthes filósofo* remata con dúas partes máis que, non por ser breves, deixan de ser moi importantes, informativas e aclaratorias. A terceira parte, chamada “Fontes e correntes” presenta unha moi coidada e detallada bibliografía da obra de Barthes, que inclúe as edicións orixinais francesas, e as traducións ao catalá, español, éuscara, galego e portugués; e unha numerosa bibliografía de libros e artigos sobre Barthes. A cuarta parte é un Glosario, onde se recollen as nocións máis significativas e propias do pensamento do filósofo francés e que constitúen o seu selo de identidade, pero tamén é unha mostra máis da consideración, deferencia e atención do autor do ensaio cos seus lectores.

*Barthes filósofo* culmina, ao meu modo de ver, un gran reto, pois LGS foi quen de levar adiante unha difícil tarefa de síntese, ao estilo da faba budista á que anteriormente aludimos, proporcionándolle ao lector o pracer e o gozo da visión panorámica da filosofía de Barthes. Pero máis aínda, e participando do mesmo espírito barthesiano que insta ao suxeito a ser un axente activo e transformador, anima a que este ensaio non se limite simplemente a esa primeira lectura gozosa e pracenteira do carácter contemplativo dunha paisaxe, senón que sirva tamén para “experimentar, para actuar, pasar e chegar a outras cousas. Con Barthes e/ou coa filosofía” (p. 118). Certamente, LGS con este ensaio non só estimula ao coñecemento de Barthes e da filosofía, senón que facilita ao lector claves de significación éticas e políticas para guíalo polo camiño da acción.

M<sup>a</sup> Uxía Rivas Monroy